

"No bicarelo do bico do brelo  
canta o paxariño.

No mesmiño  
bicarelo do bico do brelo"

Uxío Novoneyra, *Os eidos* (1981)

IX ENCONTRO DE DEBATE SOBRE O MEDIO RURAL

# A EDUCACIÓN SOÑADA NA MONTAÑA

CPI de Cervantes (San Román), 7 e 8 de maio de 2016

" ¡Temos que encamiñarnos para o albor



para colleitar esperanza e máis futuro!"

e andar polo chao con pé seguro!

!Temos que sementar amor e máis furor

Manuel María, *Cancións do lusco ao fusco* (1970)

Organiza:



Colaboran:



Subvenciona:



Apoia:



<http://www.neg.gal>

## PRESENTACIÓN E METODOLOXÍA DO ENCONTRO

Os **ENCUNTROS DE DEBATE SOBRE O MEDIO RURAL** son unha iniciativa singular de *Nova Escola Galega* que comeza no ano 2006, ano a partir do cal se teñen desenvolvido oito edicións, que retoman a xeira doutros catro Encuentros realizados nos últimos anos oitenta. Estes foros interdisciplinares pretenden achegarlle ao profesorado, á comunidade educativa e á sociedade no seu conxunto reflexións sobre a historia, a actualidade e o futuro do medio rural galego, con especial atención ao papel que neste medio desenvolven a cultura e a educación, ben desde a propia institución escolar ou ben desde outras iniciativas de carácter socioeducativo e/ou comunitario promovidas por entidades diversas e asociacións do eido cultural. Desde os seus principios esta actividade procurou servir de espazo de encontro e confluencia de diferentes profesionais e colectivos galegos (sobre todo locais) e de fóra de Galiza, para dar a coñecer e impulsar accións a prol dun futuro sustentable para o medio rural, horizonte no que o papel da cultura e da educación adquire unha importancia estratéxica, tal e como afirman distintos organismos internacionais.

A escola rural, se está inserida no seu medio e é permeable á cultura comunitaria, pode ser entendida como un laboratorio pedagóxico capaz de promover experiencias de alto valor profesional para as e os docentes e moi valiosas para as comunidades onde se asenta. No pasado, a escola rural foi entre nós na maior parte dos casos un instrumento de destrución cultural e social e só en escasas ocasións puido ser valorada como referente cultural –ás veces, o único– de primeira magnitude. Cando isto aconteceu púidose falar de escolas comunitarias, xermolo posible do que hoxe se considera un dos patróns pedagóxicos máis ricos: as denominadas “comunidades de aprendizaxe”. Estas experiencias contan coa potencia pedagóxica da propia veciñanza e contribúen á consecución de aprendizaxes significativas e de vivencias que axudan ao desenvolvemento integral das persoas en formación; son experiencias que desenvolven, da man da cultura e nos nosos particulares territorios de convivencia, verdadeiros espazos para a formación permanente ao longo da vida.

Nesta liña de traballo atópase a comunidade educativa do colexio Centro Público Integrado de Cervantes, coas nais do alumnado á cabeza na defensa dunha educación con dignidade para as zonas de montaña de Galiza. A elección desta escola como sede deste IX Encontro, que nesta ocasión levará por título **A EDUCACIÓN SOÑADA NA MONTAÑA**, pretende pois poñer en valor o labor que

desde ela se realiza e, ao tempo, ofrecerlle o apoio da comunidade de educadores e educadoras rurais e persoas e colectivos defensores do rural de toda Galiza.

Tamén queremos reflexionar acerca da necesidade de proxectos de escolarización específicos para o rural, a partir dun modelo de escola integrada no medio, na comunidade local e na cultura rural: como é sabido todo proceso de desenvolvemento sociocultural e educativo necesariamente debe poñer o acento na dimensión comunitaria, e moi especialmente cando se contextualiza no medio rural. Precisamente en Cervantes, a finais dos anos setenta, naceu o “grupo de mestras da montaña”, que puxo en acción un proxecto de escolarización para o rural que merece ser difundido, debatido e posto en valor, que foi modélico na ligazón escola-territorio-comunidade e na implicación das familias, e que pode alimentar un proxecto renovado para o tempo actual. Con certeza, a escolla de Cervantes non é casual.

A actividade do Encontro realizarase en horario intensivo o sábado 7 (todo o día) e o domingo 8 (só de mañá) de maio de 2016, e ao longo de todas esas horas de convivencia desenvolveranse diferentes propostas formativas (relatorios, táboas redondas, paneis de experiencias e boas prácticas educativo-rurais, etc.) co seu correspondente espazo de debate e reflexión pedagóxica, pero tamén haberá tempo para analizar a importancia das relacións sociais nun contexto de despoboamento, poñer de manifesto as potencialidades económicas das zonas de montaña a partir da experiencia de proxectos reais en funcionamento, debater sobre a necesidade de que o profesorado que traballa no medio rural conte cunha formación inicial e continua especializadas nese eido, así como gozar da cultura rural galega a través dalgunhas das súas variadas manifestacións: música e baile da terra, poesía de Manuel María e Uxío Novoneyra, literatura oral, xogos tradicionais, artesanía local e patrimonio arqueolóxico castrexo, romano e medieval.

*O grupo de educación no rural* de NEG e a ANPA do CPI de Cervantes convocan pois a profesionais e estudantes dos eidos da educación ou o desenvolvemento rural, familias e calquera persoa preocupada polo futuro do medio rural, a participar nestas dúas xornadas de análise, reflexión e convivencia no espectacular marco das paisaxes de primavera dos Ancares lucenses.

## OBXECTIVOS DO ENCONTRO

- Constituírse como punto de encontro de todas aquelas persoas interesadas polo presente e polo futuro do medio rural galego e da súa educación.
- Ofrecer alternativas de creación cultural, desenvolvemento comunitario, didáctica escolar e planificación educativa, centradas no medio rural e, nesta ocasión especificamente, nos espazos de montaña.
- Presentar o caso de Cervantes como referente comunitario e educativo dentro das zonas galegas de montaña.
- Configurar un grupo de acción, que coordine e integre iniciativas xa impulsadas por outros colectivos, que se mobilice e demande da administración autonómica unha mellor atención e coidado da educación na zona rural.

## ACTIVIDADES DO ENCONTRO

### **SÁBADO, 7 DE MAIO DE 2016**

09:30–09:45 Recollida de material

09:45–10:00 Inauguración do Encontro

Representantes de NEG, Deputación, Concello, Colexio e ANPA

#### **Bloque I. Cervantes como referente dinamizador da montaña galega**

10:00–10:30 Relatorio: *Un achegamento á traxectoria do colexio de San Román*  
Marcial Bernedo Vilor (director do CPI de Cervantes)

10:30–11:30 Relatorio: *Posibilidades para o desenvolvemento na montaña: Cervantes e as súas mudanzas.*  
Eloi Villada Legaspi (enseñeiro agrónomo)

11:30–11:45 Descanso

11:45–12:45 Relatorio: *A riqueza arqueolóxica de Cervantes: o impacto de Roma na bacía alta do Río Navia e o castro de Santa María*  
Luís Fco. López González (arqueólogo)

12:45–13:15 Relatorio: *Festa da involución educativa e a loita polo ensino no rural*  
ANPA do CPI de Cervantes

- 13:15–14:00 Relatorio: *Iniciativas interdisciplinares do CPI de Cervantes en relación co medio*  
Mario Outeiro Iglesias (profesor do CPI de Cervantes)
- 14:00–16:00 Descanso

## **Bloque II. Proxectos de planificación educativa no rural**

- 16:00–17:45 Panel: *Proxectos pioneiros de escolarización no rural galego: o compromiso comunitario*  
Esperanza Amigo Rodríguez, Helí González López, José Antonio García Otero, Alicia López Pardo (protagonistas en proxectos de escolarización)
- 17:45–18:15 Representación: *A pita dos Prados que elixiu a escola para poñer*  
Nenas e nenos do CPI de Cervantes
- 18:15–18:30 Descanso
- 18:30–20:00 Táboa redonda: *Na procura dunha escola integrada no medio. A historia da “pita dos Prados” como referente*  
Alba Trabado Capón (mestra nativa dos Prados); Antón Costa Rico (profesor da USC); escolinas e escolinos da antiga escola dos Prados; Manola González González, María Villanueva Castro, Teresa Vila Arrojo (mestras da montaña)
- 20:00–21:00 Debate: *Un novo futuro para a educación no rural. Compromisos para a acción*  
Todas e todos os asistentes
- 21:00–00:00 Cea-foliada no colexio  
Amenizan os grupos de música tradicional *Son de cores* (Becerreá) e *Xardois* (Cervantes)

## **DOMINGO, 8 DE MAIO DE 2016**

### **Bloque III. Vivindo na montaña hoxe**

- 10:00–10:30 Relatorio: *O movemento asociativo e as relacións sociais na montaña*  
Ramiro Martínez Carballosa (cura rural)
- 10:30–11:45 Panel de experiencias: *Opción polo rural: iniciativas económicas na montaña*  
Palloza-Museo Casa do Sesto; Xeleas Verónica; Cooperativa Ribeira do Navia (conservas vexetais e bioconstrución); Cooperativa gandeira A Carqueixa

- 11:45–12:00 Presentación: *O proxecto educativo autoxestionado “A Escoliña de Vilar”*  
Comunidades veciñais de Ernes, Foxo, Vilar e Vilouxín (Negueira de Muñiz)
- 12:00–12:15 Descanso
- 12:15–13:00 Actividade lúdica comunitaria: *O legado da sabedoría popular como recurso educativo: recuperación da tradición oral, xogos e cántigas*  
Mestras da montaña
- 13:00–14:00 Relatorio: *A “Guía para o descenso enerxético”: alternativas para a montaña tras o pico do petróleo*  
Asociación Véspera de nada. Por unha Galiza sen petróleo
- 14:00–14:30 Conclusións, clausura do Encontro e entrega de certificados
- 14:30–16:30 Descanso
- 16:30–19:00 Ruta turística guiada polo Concello de Cervantes (opcional)

## FICHA TÉCNICA DO ENCONTRO

**Sede do Encontro:** Centro Público Integrado de Cervantes

Rúa dos Colexios, 5 27664 San Román, Cervantes (Lugo)

Como chegar: <https://www.edu.xunta.es/centroseducativos/CargarDetalleCentro.do?codigo=27002353>

**Destinatarias/os:** profesionais e estudantes dos eidos da educación ou do desenvolvemento rural, familias e calquera persoa preocupada polo futuro do medio rural, tanto de Galiza como de fóra.

**Matrícula (ata o 3 de maio):** socios/as de NEG, 25€; público en xeral, 30€. A matrícula dá dereito a un certificado de *Nova Escola Galega* por 15 horas de asistencia a formación (as prazas son limitadas). Consciente da situación de crise económica que padecemos, a organización facilitará a asistencia ao Encontro a calquera persoa interesada á que o custo da matrícula lle puidese representar unha limitación; tan só tería que indicalo en [neg@neg.gal](mailto:neg@neg.gal) sen máis trámites.

**Inscricións:** enviarase por correo postal (ou electrónico) o formulario (folla de inscrición) cuberto xunto coa copia do ingreso bancario (nº de conta de NEG en ABANCA: ES77 2080 0300 85 3040089500; sinálese claramente nome completo, NIF e concepto “Matrícula Encontro Rural Cervantes”) a:

## NOVA ESCOLA GALEGA

Rúa das Hedras, 4-2ºO 15895 Novo Milladoiro, Ames (A Coruña)

Telf./Fax: 981-562577 [neg@neg.gal](mailto:neg@neg.gal)

**Aloxamento:** Hostal Belón (situado preto do colexio) ten acordado coa organización uns prezos reducidos para as/os asistentes ao Encontro (para beneficiarse destas tarifas, no momento da reserva débese indicar que se trata de asistentes ao Encontro de NEG). Reservas (cuartos de 1, 2, 3 ou 4 camas): Hostal Belón Restaurante, Rúa Deputación, 10 27664 San Román, Cervantes (Lugo) telf. 982-364515. Tamén é posible quedar a durmir gratuitamente, tanto venres como sábado, na antiga escola-fogar do colexio, en liteiras con colchón (hai que traer saco de durmir, e poida que non haxa calefacción); quen recorra a esta alternativa deberá sinalalo cun X no lugar correspondente da folla de inscrición.

**Comidas:** a organización ofrecerá bebida quente e doces tres veces ao longo do Encontro (a media mañá do sábado e do domingo, e a media tarde do sábado). O almuerzo e o xantar dos dous días corren por conta dos/das asistentes (recoméndase novamente Hostal Belón). Para participar na cea do sábado (realizárase no propio CPI de Cervantes) hai que sinalar cun X no lugar correspondente da folla de inscrición: o custe aproximado será de 8€, a aboar na mesma cea.

**Desprazamento:** as persoas que desexen ofrecer prazas no seu vehículo, ou as que precisen praza para viaxar ata Cervantes, que se poñan en contacto con [feryanezmarcelin@gmail.com](mailto:feryanezmarcelin@gmail.com), indicando as súas circunstancias, teléfono, correo-e e desde onde viaxan. A organización ofrecerálles, de ser o caso, e o antes posible, unha alternativa para reducir os gastos de desprazamento. Por suposto queda da man de cada participante acordar cos seus/súas acompañantes o reparto dos gastos da viaxe.

**Coidado de nenas e nenos:** a Asociación Socio-Pedagóxica Antonio Gandoy ofrece gratuitamente os seus servizos para atender as crianzas das/dos asistentes durante os tempos de actividade do Encontro. Quen precise deste servizo deberá sinalar cun X no lugar correspondente da folla de inscrición.

**Máis información en:** [www.neg.gal](http://www.neg.gal)